

Xoves 13 de outubro 20:30 h. | SALA DE EXPOSICIÓNS DO PAZO DE CULTURA, Pontevedra

COMA ESPELLOS DUN CALIDOSCOPIO Vertixe Sonora Ensemble

ENTRADA GRATUITA ATA COMPLETAR CAPACIDADE

Co apoio da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo para a promoción da creación feminina de música contemporánea.

Así como a semántica dun calidoscopio fai referencia a nocións da Grecia Antiga como “beleza” e “observación de formas belas”, presentamos un programa de música e poesía que amalgama todas esas referencias e reivindica a diversidade da feminidade na música contemporánea actual a través da obra de mulleres compositoras en activo de distintas orixes, estética e culturais. Unha inmensa corrente de poesía musical, chea de detalles peculiares que a rotación calidoscópica da imaxinación descubre. A selección musical e a concepción do programa foi realizado conxuntamente pola compositora rusa Elena Rykova, residente en Harvard e a compositora brasileira residente no Ircam de París Michelle Agnes. A proposta complétase coa participación da poeta galega María do Cebreiro, que recitará poemas inéditos especialmente concebidos para o evento entre as distintas pezas de música. *Só brillar un pouco*, un solo de violín de Anna Romashkova (Rusia), *O cadrado de cor amarela clara que é a súa xanela* por Ann Cleare (Irlanda) para saxofón, piano, percusión e guitarra, *Estudos en resonancia II*, un solo de piano de Elo Masing (Estonia), *Lai de Bisclavret*, por Tania Lanfer (Brasil) para saxo e percusión, *Noch*, de Daniela Fantechi (Italia) para un saxofón, guitarra, percusión e piano, e unha nova peza de Julia Lorusso (Italia) para saxofón, piano, percusión e guitarra, compoñen esta hora de música.

ANNA ROMASHKOVA (RUSIA, 1985). *Just shine a little* (2014) para violín só
ANN CLEARE (IRLANDA, 1983). *The square of yellow light that is your window* (2014) para saxo, piano, percusión e guitarra eléctrica
ELO MASING (ESTONIA, 1984). *Studies in resonance II* (2013) para piano só
TANIA LANFER (BRASIL, 1982). *Lai de biscliolet* (2008) para saxo e percusión
DANIELA FANTECHI (ITALIA, 1984) *Noch* (2016, versión revisada) para saxo, guitarra eléctrica, percusión e piano

María do Cebreiro, *recitado*

VERTIXE SONORA ENSEMBLE Mario Peris, *violín* | Pablo Coello, *saxofón* | David Durán, *piano* | Rubén Barros, *guitarra eléctrica* | Diego Ventoso, *percusión*

Venres 28 de outubro 20:30 h. | CAPELA NO CEMITERIO MUNICIPAL DE SAN AMARO, Pontevedra TOMBEAU ET DOUBLE Desjardins-Anzellotti

Solemne, de ritmo lento e carácter meditativo, o *tombeau* era no XVII francés, unha peza instrumental de loito de carácter lamentoso en homenaxe a un contemporáneo morto recentemente. O *dobre*, unha sombra –dúas ou tres veces máis rápida que o orixinal– cun movemento constante de notas que, en forma de variación, interpolábase nas danzas. No marco da Primeira Guerra Mundial Maurice Ravel recuperou o *tombeau* na súa particular homenaxe a Couperin. Alberto Posadas, un dos compositores españois de maior consideración internacional, conecta no seu *Tombeau et Double* para viola sola, pasado e futuro nunha reflexión que conmemora o pasamento do seu amigo Gerard Mortier, director artístico do Teatro Real entre 2010 e 2013 e unha figura de referencia da ópera internacional. Completan o programa *Do auga facendo xemidos....* de Rebecca Saunders; de Marco Stroppa, *Somos aire non terra*, creada a partires da cita do filósofo georgiano Merab Mamardashvili e que recolle a Nóbel Svetlana Alexievitch na súa obra *A Oración*, e *Peinar o vivo* de Gerard Pesson, libremente inspirada no *Maestoso* da sexta sinfonía de Bruckner e no *Harold en Italia* de Berlioz. Christophe Desjardins e Teodoro Anzellotti están considerados cada un no seu instrumento como auténticos mestres da interpretación. Dous artistas que reúnen ética musical, profundidade espiritual e unha perfección técnica que roza o inefable.

REBECCA SAUNDERS (ALEMAÑA, 1967) *...of water making moan*** acordeón só
GÉRARD PESSON (FRANCIA, 1958) *Peignez le vif*** acordeón e viola
ALBERTO POSADAS (ESPAÑA, 1967) *Tombeau et double*** viola
MARCO STROPPIA (ITALIA, 1959) *Nous sommes l'air, pas la terre*** acordeón e viola
DESIARDINS-ANZELLOTTI Christophe Desjardins, *viola* | Teodoro Anzellotti, *acordeón z*

Xoves 3 de novembro 20:30 h. | MARCO, Vigo TROIS FOIS SILENCE Vertixe Sonora Ensemble

As pezas que compoñen este programa mostran distintos estados de desenvolvemento dunha mesma idea. Unha idea que leva obsesionando a Januibe Tejera os derradeiros anos: a idea do tranzo como un método para abarcar o que non percibimos normalmente. E están inspiradas nun personaxe singular, o Pai Antonio. Januibe Tejera coñeceu ó Pai Antonio durante o Festival Milano Music no 2014. Este compositor fixo un cambio radical de vida abandoando os praceres mundanos para adicarse por completo á caridade...
Cómo transferir as relacións dun fronte ao mundo?, cómo colocar ao público neste fráxil limiar a traves do tranzo?... estas preguntas atoparán resposta neste evento.

JANUIBE TEJERA (BRASIL, 1979) *Plongeon****,* frauta soa
*Trois cordes farfumées****,* piano solo
Trois fois silence (I) para frauta guitarra eléctrica e piano
Trois fois silence (II) para frauta guitarra eléctrica e piano

VERTIXE SONORA ENSEMBLE Keiko Murakami, *frauta* | David Durán, *piano* | Rubén Barros, *guitarra eléctrica*

Sábado 5 de novembro 20:30 h. | TEATRO PRINCIPAL, Pontevedra VOCI VICINE KammarensembleN

No seu políptico *Voci Vicine/ Voces próximas* Fabio Cifariello Ciardi reflexiona sobre a sociedade contemporánea e a crise política que padecemos a través de graves conflitos e disturbios: catástrofes naturais coma o tsunami de marzo de 2011 en Xapón, os Terremotos de l’Aquila (2009) ou de l’Emilia (2012) en Italia; o paro dos operarios da Medtronic-Invatec de Brescia (2011) e dos traballadores sardos de Sulcis (2012); a aversión xeralizada aos impostos e o abandono da política; ou as reaccións desproporcionadas da policía durante as protestas da convención do G-8 en Xénova en 2001 ou contra a contaminación electromagnética en Niscemi no 2013. Unha obra de triste actualidade trala recente destrución de Amatrice que recupera o espírito de arte comprometido política e socialmente dos anos sesenta italianos. KammerensembleN (KeN) é un conxunto de música de cámara sueco que desenvolve un amplo repertorio de combinacións instrumentais até o formato da Sinfonietta. Foi creado en Estocolmo en 1984 e tense convertido co paso dos anos na principal agrupación sueca, e como tal leva a cabo producións en festivais internacionais de todo o mundo.

FABIO CIFARIELLO-CIARDI (ITALIA, 1960) *Voci vicine* (2014)***.* Paixón en 4 partes para periodista, vídeo, ensemble e electrónica
Susana Regueira, *periodista*
KAMMARENSEMBLEN Peter Fridholm, *frauta* | Kristian Möller, *clarinete* | Ivo Nilsson, *trombón* | Anders Kilström, *piano* | Jonny Åxelsson, *percusión* | Göran Fröst, *viola* | Chrïchan Larson, *cello* | Fabio Cifariello-Ciardi, *vídeo e son* | Renato Rivalta, *director*

Sábado 12 de Novembro 20:30 h. | MARCO, Vigo A ARAÑA COMO ARTISTA Séverine Ballon

ENTRADA GRATUITA ATA COMPLETAR CAPACIDADE

XIV ANIVERSARIO DO MARCO

A imaxe dun músico abrazándoo completamente outorga unha peculiar e paradoxal intensidade expresiva ao violoncello como instrumento solista. A necesidade de percorrelo na súa totalidade para obter toda clase de sons–acaririñándoo coas mans, frotándoo cun arco nun movemento continuado–provoca que o intérprete pareza completamente enrocado, absorto na súa comunión privada. Curvada, tensa e alerta sobre o seu instrumento, a postura física de Séverine Ballon tocando acentúa este paradoxo e móstranos a unha muller-violoncello, un ser fantástico cuxas extremidades se prolongan no instrumento coma se das ramas dunha árbore se tratase, coma unha laboriosa araña cuio invisible tecido nos cinguiara. A araña como artista recolle, a partir do marabilloso poema de Emly Dickinson e a peza do mesmo título de Franck Bedrossian, obras para violoncello só que mutaron a personalidade do instrumento para convertelo nun obxecto sonoro completamente transcendido. Conducidos pola sensibilidade de Séverine Ballon pisaremos paraxes nas que a soidade do solista e o seu instrumento brillan dende a ausencia.

A gran cellista francesa Séverine Ballon é unanimemente recoñecida como unha das grandes intérpretes do noso tempo. Unha artista que exerce, como compositora, improvisadora, e músico total unha hexemonía sobre o instrumento que a converteu en moi poucos anos nunha artista de referencia.

PARTE I
HELMUT LACHEMANN (ALEMAÑA, 1935) *Presión**** (1969-70) para violoncello só
REBECCA SAUNDERS (REINO UNIDO, 1967) *Soitude*** (2013) para violoncello só
FRANCK BEDROSSIAN (FRANCIA,1971) *A araña como artista**** (2014) para violoncello só

PARTE II
SÉVERINE BALLON (FRANCIA 1980) *Descoñecemento**** (2016) para violoncello só
CHAYA CZERNOWIN (ISRAEL, 1957) *Adentium capillus veneris non. I*** / *Cancións do silenciado* [arr. Séverine Ballon, 2015] para violoncello só
LIZA LIM (AUSTRALIA, 1966) *Un océano máis aló da terra*** (2016) para violoncello só unido a un violín por un fio

SÉVERINE BALLON, *violoncello*

Xoves 17 de Novembro 20:30 h. | ERMIDA DA NOSA SEÑORA DA GUÍA, Vigo MESA E OBXECTOS Ángel Faraldo

Mesa e Obxectos é o último traballo de Ángel Faraldo coa mesa de mesturas sen entradas (no-input mixer). Unha peza que transmite unha fonda espiritualidade a través de sons xerados por retroalimentación, que procuran resonancias e ecos en pequenos obxectos cotiáns, que actúan a un tempo como filtros e amplificadores do son electrónico, nunha especie de ritual, de celebración máxica do próximo. Ángel Faraldo (Ferro, 1980) é un músico comprometido coa creación, a promoción e o ensino da música experimental. Activo como compositor e improvisador, a súa obra complétase con instalacións sonoras para espazos específicos e o deseño de son para danza e ópera. Está interesado na exploración sistemática de procesos que maximizan recursos mínimos, como se materializa no seu ciclo *The Feedback Study Series*, o seu sintetizador dixital *MISS* ou a súa aproximación á no-input-mixer. Ademais, desenvolve un intenso labor como intérprete e realizador de música electrónica in vivo e dedícase ao asesoramento e desenvolvemento de ferramentas dixitais para instrumentistas e compositores.

ÁNGEL FARALDO (ESPAÑA, 1980) *Mesa e obxectos*

Sábado 19 de novembro 18:00 h. | AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, Vigo LUZ-NON-LUZ Vertixe Sonora Ensemble

Hai douscentos anos produciúse o denominado ‘ano sen verán’. Foi en 1816 cando, como consecuencia da erupción do volcán Tambora un ano antes na actual Indonesia, unha nube de cinza que se estendeu por todo o mundo impediu que a luz do sol chegase de modo normal á terra, provocando un considerable arrefriado do clima no hemisferio norte. Non sería até 1920, cando o climatólogo americano William J. Humphrey establecese a relación entre ambos fenómenos. O “ano sen verán” tivo consecuencias terribles para a poboación en forma de fame e morte debido á perda das colleitas. Pero tamén tivo consecuencias na arte, como o poema de Lord Byron *Darkness*, o *Frankstein* de Mary Shelley ou moitos dos derradeiros cadros de William Turner que, empregando un estraño colorido para a época, evocan a cor avermellada que o ceo tiña entón debido ao modo en que as cinzas filtraban a luz solar.

ANAHITA ABBASI (IRÁN, 1985) *Situation I / Incidents**
JACOBO GASPAR (ESPAÑA, 1975) *Luz-non-luz**
EDUARDO CABALLERO (MÉXICO, 1976) *Backtrack**
BERNARDO BARROS (BRASIL, 1980) *Nova obra**

VERTIXE SONORA ENSEMBLE Clara Saleiro, *frauta* | Pablo Coello, *saxofón* | Luís Duarte *trampa* | Isidro García, *acordeón* | David Durán, piano | Rubén Barros, guitarra eléctrica | Diego Ventoso, *percusión* | Mario Peris, *violín* | Thomas Piel *violoncello* | Carlos Méndez, *contrabaixo* | Ramón Souto, *director*

Domingo 27 de Novembro 12:30 h. | CASA DAS CAMPÁS, Pontevedra ENTROPÍAS Proyecto Ocnos

ENTRADA GRATUITA ATA COMPLETAR CAPACIDADE

‘A entropía tende a volver a música a un estado de ruído’ Tristan Murail

O termo grego *ἐντροπία* significa evolucion ou transformación. Orixínase ao percibirse unha dispersión de enerxía útil nas reaccións de combustión dos primeiros motores. A investigación sobre estas perdas deu lugar ao concepto, que define a irreversibilidade dos procesos termodinámicos. Tamén mide a desorde ou aleatoriedade (e a tendencia á orde) dun sistema. Na música actual procesos de entropía, fluxo temporal etc, son de maior relevancia na organización de estruturas musicais que os parámetros sonoros tradicionais. Proyecto OCNOS, residente en Sevilla, pretende mostrar, a través dun grupo flexible e unha programación elixida coidadosamente, variada e imaxinativa, un panorama do universo sonoro dos séculos XX e XXI, poñendo especial atención aos compositores españois.

HELMUT LACHENMANN (ALEMAÑA, 1935) *Dal niente (interieur III)* ** (1970) percusión
WEI-CHIEH LIN (TAIWAN, 1982) *Om* ** (2016)
TRISTAN MURAIL (FRANCIA, 1947) *Tellur* (1977) clarinete
NURIA NÚÑEZ (ESPAÑA, 1980) *Nova Obra** (2016)

PROYECTO OCNOS Pedro Rojas-Ogáyar, *guitarra* | Gustavo A. Domínguez, *clarinete*

Domingo 11 de decembro 18:30 h. | CASA DAS ARTES, Vigo DROIT SUR LES CLOCHES Vertixe Sonora Ensemble

En colaboración co Institut für Technikgeschichte da Universidade Técnica de Darmstadt.

“Na era pre-eléctrica a campá foi o medio dominante, o aparello de sincronía, o único xeito de organizar unha acción conxunta. A súa infinita sutileza combinatoria sinalizaba desastres naturais, mortes, festivos. A confiscación de campás é parte dunha forte tradición de dominio acústico (algúns lembrarán as loitas entre tambores e campás durante a caída de Constantinopla). O comandante da artillería tiña o dereito (o chamado *Droit sur les cloches*) para reclamar os exemplares da cidade derrotada. Despois da batalla de Danzig Napoleón forzou o pagamento dun rescate polas campás, baixo a ameaza de remoldealas como armas. Outros tiveron menos sorte: no transcurso das dúas guerras Alemaña ordenou 145.000 campás dereparto. O silencio do tanguido era sinónimo de submisión”.

RAMÓN SOUTO (ESPAÑA, 1976) *Inventario**
EDUARDO MOGUILLANSKY (ARGENTINA, 1976) *Droit sur les cloches**

VERTIXE SONORA ENSEMBLE Keiko Murakami, *frauta* | Felipe Agell, *clarinete* | Pablo Coello, *saxofón* | Sergio Pacheco *trumpeta* | Iago Ríos, *trombón* | Isidro García, *acordeón* | David Durán, *piano* | Rubén Barros, *guitarra eléctrica* | Diego Ventoso, *percusión* | Mario Peris, Kiyoko Ohashi *violín* | Algaya González, *viola* | Thomas Piel, *violoncello* | Carlos Méndez, *contrabaixo* | Ramón Souto, *director*

*ESTREA ABSOLUTA **PRESENTACIÓN EN ESPAÑA ***PRESENTACIÓN EN GALICIA

FORO INTERNACIONAL cAuSaL16. Obradoiros, cursos e conferencias de arte sonora e música contemporánea

En colaboración co Departamento de Composición do Conservatorio Superior de Música de Vigo e o Grupo de Investigación DX7 da Universidade de Vigo.

Espazo de discusión ao redor da composición de música contemporánea no que compositores cunha traxectoria consolidada e novas promesas do panorama internacional falarán dos procesos creativos que se agochan detrás do seu traballo. cAuSaL está aberto a compositores, instrumentistas, estudantes e aquelas persoas interesadas no acontecer sonoro que desexen achegarse.

Obradoiros - Facultade de Belas Artes de Pontevedra

ENTRADA GRATUITA ATA COMPLETAR CAPACIDADE

Luns 10 e martes 11 de outubro
mañás 11:00 a 13:00 h. / tardes 16:30 a 19:30 h.
CREATIVIDADE SONORA con Michelle Agnes

Luns 12 e martes 13 de decembro
mañás 11:00 a 13:00 h. / tardes 16:30 a 19:30 h.
SNDTRCK con Eduardo Moguillansky

Conferencias - Conservatorio Superior de Música de Vigo

ENTRADA GRATUITA ATA COMPLETAR CAPACIDADE

Mércores 2 de novembro
11:00 a 12:00 h.
TROIS FOIS SILENCE con Januibe Tejera CSM Vigo

Venres 18 de novembro
11:00 a 14:00 h.
LUZ-NON-LUZ con Anahita Abbasi, Bernardo Barros, Eduardo Caballero

Venres 9 de decembro
11:00 a 13:00 h.
DROIT SUR LES CLOCHES con Eduardo Moguillansky

AGUZAR O OÍDO III Curso de achegamento á música contemporánea

En colaboración co MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo,ponse en marcha a 3ª edición do curso AGUZAR O OÍDO, proposta de divulgación de música contemporánea e arte sonora. Nesta ocasión, e no contexto do Festival Vertixe, o curso consiste en nove sesións de charlas previas a cada un dos concertos do Festival, a cargo de distintos profesionais, ademais da asistencia a todos os concertos incluídos no programa. As sesións comezarán 45 minutos antes de cada concerto no espazo correspondente e terán unha duración de 30 minutos.

Relatores: Emilio Lede e relatores convidados
Coordinador: Ignacio Barcia
Prezo 60€ (50€ para estudantes, membros da AAM, e asistentes ao Curso *Aguzar o Oído* en anteriores edicións).
+ INFO e inscricións en: info@marcovigo.com

ALIEN 2016. Obradoiros instrumentais - CSM de Vigo

En colaboración co Departamento de Corda do Conservatorio Superior de Música de Vigo e o Departamento de Acordeón do Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

Sábado 29 de outubro Christophe Desjardins, *viola*. Coordina Mario Peris
Sábado 29 de outubro Teodoro Anzellotti, *acordeón*. Coordina Isidro García

Prezo alumnos activos Conservatorio Profesional de Vigo: 40 €. Outros conservatorios profesionais: 50 €. Conservatorio Superior de Vigo: 60 €. Outros conservatorios superiores ou titulados: 70 €. **Prezo alumnos ouvintes** 15€.
+ INFO, inscrición e prematícula en: www.csmvigo.com

MÚSICAPORDENTRO2016

Proxecto de achegamento ao feito sonoro para Primaria e Secundaria
Coordina Jaime Estévez

+ INFO e inscricións en: info@vertixesonora.net

ENTRADA CONCERTO INDIVIDUAL: 8€

BONO FESTIVAL (6 CONCERTOS DE PAGAMENTO): 30€

ENTRADA GRATUÍTA ATA COMPLETAR CAPACIDADE:
COMA ESPELLOS DUN CALIDOSCOPIO (13 OUTUBRO), O ESPIRRO DE FRED OTT (12 NOVEMBRO) E ENTROPÍAS (27 NOVEMBRO).

VENTA ANTICIPADA EN WWW.ATAQUILLA.COM